

## COMUNICADO

# ***As matronas galegas, indignadas ante o peche do paritorio de Verín***

Santiago de Compostela, 26 de novembro 2019. - Ante a triste nova do peche do paritorio do Hospital Comarcal de Verín, a Asociación Galega de Matronas (AGAM) síntese obrigada por un lado, a apoiar ás compañeiras afectadas por este peche, e por outro, a **informar á sociedade en xeral**, e ás mulleres da área de Verín en particular, **sobre a información sesgada e non baseada na evidencia científica que se está a difundir** arredor desta situación:

- 1) **Parir en Verín foi e segue a ser seguro:** en ningún momento a asistencia ás mulleres e aos recién nados no Hospital de Verín foi perigosa. Como en todos os centros sanitarios, existen protocolos para avaliar a calidad asistencial, más sempre se contou con profesionais en tódolos ámbitos (matronas, enfermeiras, obstetras, anestesistas e pediatras) perfectamente capaces de desempeñar as súas competencias. Un dos factores que a evidencia científica apunta como moi importantes de cara á seguridade nun parto é a calidad de atención e o ratio de matronas por muller do centro, atopando en Verín unha ratio 1:1 de matronas/muller, o que xunto coa cercanía da poboación ao hospital, se traducen en calidad e seguridade asistencial. Por outra banda, o Sergas está obrigado a manter actualizados a todos os seus traballadores, favorecendo e facilitando a formación continua, polo que non cabe alegar que o peche se deba ao perigo por non contar coa profesionalidade do persoal sanitario do paritorio de Verín.
- 2) **A idade da nai por si soa non é un factor risco de cara ao parto, segundo a evidencia científica actual.** De existir outros factores que en determinadas embarazadas impliquen que os riscos no parto aumenten, xa desde sempre e tal e como indican os protocolos en todos os hospitais comarcas, se derivan aos hospitais de referencia para o seu control e asistencia ao parto e nacemento.
- 3) **As matronas existimos:** o Ministerio de Sanidade respalda ás matronas como profesional capacitado para atender partos eutócicos (normais) tal e como se recolle na [Orde SAS/1349/2009, de 6 de maio, pola que se aproba e publica o programa formativo da especialidade de Enfermería Obstétrico-Xinecológica \(Matrona\)](#), así coma en todas as guías publicadas con recomendacións para a atención ao parto normal, tanto na sanidade española como por parte de entidades como a OMS. Ademáis, [a evidencia científica actual indica que a matrona é o persoal sanitario de referencia para a atención da saúde reprodutiva e sexual das mulleres, incluíndo a atención ao parto de baixo e medio risco.](#) Nas declaracíons emitidas estos últimos días na prensa non se está a falar do traballo das matronas, como por exemplo, o [Dr. Doval na entrevista concedida ao diario La Voz de Galicia](#) nin sequera menciona ao noso colectivo, só fala de médicos especialistas e de "persoal de apoio", centrando a atención exclusivamente nos partos que presentan problemas ou que son de alto risco, algo que non se corresponde coa realidade do paritorio de Verín.

- 4) A falta de seguridade para as usuarias non é a causa real do peche.** A ausencia de pediatras, xunto cun interés desde hai moitos meses de que cada vez acontecesen menos nacementos en Verín, derivando ao CHUO a unha gran cantidade de usuarias, propiciaron que se chegara ao punto de tomar a decisión de prescindir do paritorio. O Sergas e os obstetras do CHUO están a centrar toda a atención en que parir en Verín resulta perigoso, pero o que non mencionan é que manter o paritorio non resulta rentable económicamente, poñendo de manifesto que as familias que ata agora tiñan sos seus fillos en Verín, para a Xunta de Galicia son menos importantes que as familias de contornas urbanas, a pesar de seguir a pagar de igual forma os mesmos impostos cas familias que viven en Ourense. Onde están as políticas de axuda á natalidade cando se está a ofender de tal xeito ás familias do rural ourensán?

Por todo isto, a Asociación Galega de Matronas **rexeta o peche do paritorio de Verín** e insta ao goberno galego a asumir o compromiso de garantir os servizos e calidade asistencial sanitaria para todos os galegos, sen perxuizo do seu lugar de residencia ou do seu xénero.

Asinado:

A directiva da Asociación Galega de Matronas



A AGAM convocou unha concentración esta tarde en Santiago diante do edificio da EGAP (Escola Galega de Admón Pública, r/ Madrid, 2), onde se están a celebrar as *XIII Xornadas de Saúde Perinatal e Reprodutiva*.



Por unha Sanidade Pública de calidade para todas as mulleres galegas, tamén as do rural, e pola dignificación do colectivo de matronas.

#PrecisamosParitorioenVerín

#SOSsanidadepública

#matronasgalegas

#moitoqueaportaraosistema